



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A **convocatoria de axudas para o fomento da cultura científica, tecnolóxica e da innovación 2016** da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía, dependente do Ministerio de Economía e Competitividade, ten actualmente aberto o prazo de solicitude até o 5 de outubro de 2016. O seu obxectivo é financiar proxectos de **divulgación e comunicación da ciencia** que acheguen a I+D+i á cidadanía. Está dotada cun orzamento total de **3.250.000 euros** e poden presentarse a ela tanto organismos públicos de investigación, como universidades, centros públicos de I+D e calquera persoa física ou xurídica que realice actividades de I+D+i, xenere coñecemento científico ou tecnolóxico, facilite a súa aplicación ou transferencia ou contribúa á educación, difusión e divulgación científicas.

A convocatoria conta con tres liñas de actuación, dividida cada unha delas á súa vez en varias modalidades, que engloban todas as actividades financiáveis: **Cultura científica, tecnolóxica e da innovación; Creatividade e vocacións científicas; e Redes de divulgación e comunicación da ciencia e a innovación**. Nesta edición priorizaranse aqueles proxectos que divulguen os resultados de investigacións levadas a cabo por científicos/as españois ou que desenvolvan a súa actividade en España.

Dentro da **primeira liña, Cultura científica, tecnolóxica e da innovación**, apoiaranse proxectos de divulgación e comunicación sobre calquera temática científica e tecnolóxica dirixidos a público non especializado co obxectivo de achegar a actividade investigadora dos centros de investigación españois. Así mesmo, teñen cabida actividades de “ciencia cidadá” que favorezan a participación cidadá no proceso científico; proxectos que fomenten a innovación como actitude individual; e estudos sobre ciencia, tecnoloxía e sociedade co fin de obter un maior coñecemento

do estado da cultura científica en España.

Pola súa banda, a **segunda liña**, **Creatividade e vocacións científicas**, financiará proxectos que sirvan para promover as vocacións científicas entre escolares e mocidade non universitaria mediante o contacto directo co método e a práctica investigadora. Neste senso, apoiaranse proxectos que estimulen a creatividade nos máis novos e que coordinen a nivel estatal iniciativas xa desenvolvidas a nivel rexional e local, tales como concursos, certames ou olimpíadas, así como Feiras de ciencia abertas ao público en xeral e dirixidas a estudantes non universitarios nas que presentan os seus proxectos experimentais de ciencia e tecnoloxía que levan a cabo co apoio dos seus profesores.

Por último, a **terceira liña** de financiamento, **Redes de divulgación e comunicación da ciencia e da innovación**, está dirixida ás actividades que desenvolven as Unidades de Cultura Científica e da Innovación (UCC+i) e os museos de ciencia e tecnoloxía. As UCC+i son estruturas estables de comunicación e divulgación da ciencia desenvolvida polas institucións ás que pertencen e, no tocante aos museos, esta convocatoria apoiará o desenvolvemento de exposicións ou programas de planetario así como a itinerancia de exposicións xa existentes.

Podes consultar as bases completas da convocatoria, así como realizar a solicitude a través da seguinte páxina web:  
<https://www.convocatoria.fecyt.es/>

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro Xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).